

# Máis de cen escritores participarán no Encontro 'Galeusca' de Pontevedra

A XVIII edición das xornadas sobre as literaturas galega, vasca e catalana celebraranse do 2 ó 4 de novembro.

**Pontevedra** parece empeñada en que non pase moito tempo sen que os libros volvan a ser protagonistas na vida da cidade. Á multitud de salóns e feiras do libro de diversos tipos sumárase a fin de semana que vén a celebración do XVIII Encontro de Escritores Galegos, Vascos e Cataláns, 'Galeusca 2001'.

B.L.

**Pontevedra** Para presenta-lo XVIII Encontro de Escritores Galegos, Vascos e Cataláns, 'Galeusca 2001', xuntáronse no salón de plenos do Concello de Pontevedra o concelleiro de Cultura, Luís Bará, o secretario da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Miguel Anxo Fernández Vello, e o presidente da mesma asociación, Xosé María Álvarez Cáccamo. A través das súas persoas quedaban representadas dúas das entidades involucradas no 'Galeusca' deste ano. Ademáis da colaboración do Concello de Pontevedra e da organización a cargo da AELG, os encontros contan co patrocinio do Centro Español de Derechos Reprográficos (CEDRO) e co apoio da Xunta de Galicia, de Caixanova e da editorial Kalandraka.

Os tres homes encargados de presentar os encontros de escritores fixeron referencia nalgún momento da súa intervención ó feito de que este ano, no que 'Galeusca' cumple a maioría de idade, se celebre en Pontevedra. Bará falou da importancia que para a cidade ten que acolla unha actividade destas características. "Ademáis de axudar a proxeectar a Pontevedra nou-



Miguel Anxo Fernández Vello, Luis Bará e Xosé María Álvarez Cáccamo / MIGUEL VIDAL

tros eidos, o Concello siente que Galeusca vén a sumarse a dous importantes campos de acción nos que vimos traballando: a programación de animación e lectura en diversos ámbitos e as distintas actividades emmarcadas no Ano Europeo das Linguas".

**TEMAS PALPITANTES** Miguel Anxo Fernández Vello fixo un repaso polo programa dos encontros que inclúe debates, conferencias e actividades literarias paralelas e despois insistiu en que a literatura segue a estar de actualidade permanentemente.

"Tódolos temas que se tratarán son temas vivos, palpitanos. 'Galeusca' volverá ser un foro cun gran atractivo. Entre as tres delegacións estaremos ante uns cen escritores de tres literaturas distintas. Ademáis será un foro de participación que pretende extenderse ó público interesado na literatura".

O secretario da AELG dixo que "Pontevedra era unha salvagarda da memoria histórica que se estaba a converter nun punto de referencia crecente no panorama cultural galego". En termos semellantes se expresou Alvarez Cáccamo. "Esta é

unha cidade acolledora pola que se pode pasear. Favorece a continuidade das tertulias fóra dos debates", dixo.

Para finaliza-lo acto de presentación dos encontros, os dous representantes da Asociación de Escritores falaron da importancia da lectura na sociedad actual e, en particular, para os propios escritores "que se escribimos é porque lemos e se escribimos é para que nos lean", dixo Alvarez Cáccamo. Tanto o secretario como o presidente da AELG tamén falaron das carencias da rede de bibliotecas galegas e da falta de estatísticas

## CONFERENCIAS, DEBATES E MOITA POESÍA EN TRES IDIOMAS

♦ Os Encontros de Escritores Galegos, Vascos e Cataláns que se celebrarán en Pontevedra desenvolveránse en torno a dous mesas redondas que concluirán nun círculo de conclusiones. Paralelamente tamén terán lugar dúas actividades paralelas onde a poesía e os nenos serán protagonistas.

'Galeusca 2001' comenzará o día 2 de novembro, ás once e media da mañá, cando teña lugar un acto inaugural no auditorio de Caixanova. A conferencia que servirá para abri-los actos será unha de Antón Figueroa titulada 'Comunicación literaria, novas tecnoloxías e cultura única'. Pola tarde, ás catro e media, no mesmo auditorio terá lugar o primeiros círculo de debate baixo o lema 'Lectura e novos modos de comunicación'. Participarán Arturo Casas, Josu Landa e Antoni Martí.

O día 3, o coloquio terá lugar ás dez e media da mañá. O seu título será 'Libro e sociedade: o porvir da cultura' Intervirán Josep-Francisco Delgado, Tere Iristortza e Xavier Seoane. Pola tarde, ás cinco, realizarase a lectura de conclusiones. Á oito, no Teatro Principal, terá lugar a primeira das actividades paralelas dos encontros, un recital poético no que participarán doce poetas de Galicia, do País Vasco e de Cataluña.

Finalmente, o día 4, ás doce do mediodía celebrarase o acto de clausura de 'Galeusca 2001' no auditorio de Caixanova e ás doce e media, no Teatro Principal, o Festival da Lectura Viva. Neste acto, nenos e nenas das tres comunidades autónomas implicadas neste proxecto farán unha lectura colectiva de contos e poemas. Tamén participarán os contactos da editorial Kalandraka.

## Unha pontevedresa gaña o II Certame Galego de Imaxe

**Pontevedra** A foto titulada 'A Mirada' da pontevedresa Ana María Torres Fernández gañou o primeiro premio do II Certame Galego de Imaxe Artística Xuventude 2001. Fíxoo, segundo informou a Consellería de Xuventude da Xunta, na modalidade de fotografía e na categoría de participantes de 14 a 22 anos. Os concursos Xuventude 2001 están organizados pola Consellería de Xuventude en colaboración coa de Cultura.

O traballo da rapaza pontevedresa foi premiado con 300 euros (50.000 pesetas). A maior dotación económica dos galardóns, 360 euros (60.000 pesetas) foi para a colección 'Rhianon' de Carolina Martínez. Xunto a esta colección e 'A Mirada', o xurado tamén valorou as obras 'Techno ou non?' da canguesa Rosa María Fernández Caamaño e 'Xamón' da monfortina Paula Celia Díaz Martínez, co segundo e co terceiro premio.

## A Escola Oficial de Idiomas anima a estudia-lo Galego a través da cultura

B.L.

**Pontevedra** Un estudiante de Galego da Escola Oficial de Pontevedra pode dar fe de que hai formas distintas de aprender un idioma. O responsable deste departamento, Carlos Yus, explica que a cultura é un pilar fundamental á hora de estudiar un idioma porque "a aprendizaxe profunda dunha lingua nos seus aspectos prácticos inclúe nocións de literatura, historia, xeografía, etnografía e cultura tradicional".

Neste sentido, un gran número de actividades culturais complementan o estudo do Galego na Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra. Yus enumera excursións, exposicións, ciclos de literatura e cine, teatro e contactos, coloquios, visitas e información sobre medios de comunicación e páginas web en lingua galega.

En concreto, os estudos de Galego no centro da Xunqueira inclúen o estudio da orixe e evolución das festas anuais tradicionais

nomía, botánica, elementos da paisaxe e variantes dialectais.

**EXPOSICIONES** Un dos aspectos que adquire unha maior continuidade no que se refire ás actividades paralelas destes estudos son as exposiciones. Segundo explica Carlos Yus. "Temos pensado realizar exposicións variadas sobre xogos e xoguetes tradicionais, plantas de Galicia e autores literarios". No eido estrictamente cultural, tamén se organizarán ciclos de literatura, cine e arte e actuaciones de teatro e contactos.

Tamén están previstos ciclos de charlas sobre aspectos da cultura galega tales como o traxe tradicional, o cómic, o galego na rede e lendas e contos.

Pontevedra non queda allea a toda esta programación de actividades culturais xa que tamén se inclúen percorridos pola cidade onde se incidirá no coñecemento da súa historia e dos seus personaxes más destacados.



Carlos Yus / ARQUINO/G.C.

## Martín Codax pecha o Ciclo de Música Antiga

**Pontevedra** A agrupación 'Martín Codax' é a encargada de pechar hoxe o Ciclo de Música Medieval e do Renacemento que organizou o Concello de Pontevedra durante tres sábados de tres fins de semana consecutivas. O concerto do último grupo celébrase na Basílica de Santa María ás nove menos cuarto da noite con entrada gratuita. As actuacións do ciclo estiveron patrocinadas por Caixa Galicia.

O lema baixo o que se desenvolverá o concerto de 'Martín Codax' é 'Lírica medieval galego-portuguesa. Cantigas de Santa María'. Segundo informou o propio grupo, o espectáculo de música antiga estará dividido en cinco partes: 'Cantigas de Santa María. Afonso X O Sabio', 'Cantigas de Amigo. Martín Codax', 'Romances de peregrinación', 'Cantigas de amigo' e 'Cantigas de Santa María. Afonso X O Sabio'. O grupo 'Martín Codax' fundouse no ano 1993 e é especialista en música do Medievo.